


Le o texto e responde ás preguntas.

Sara vai todas as tardes coa súa avoa a un parque moi divertido. Nel, hai dous columpios, un céspede onde podes pasear e un tobogán enorme, que é o que máis lle gusta a Sara. Nese parque, Sara, ve a todas as súas amigas e xoga con elas.



Cando vai Sara ao parque?

 Todas as mañás

 Todas as tardes

Que é o que máis lle gusta a Sara?

 O tobogán


 Os columpios

A quen ve Sara no parque?

 Aos seus avós

 As súas amigas

O gato de Guille é moi larpeiro. Sempre bebe tres cuncas de leite e cando xa non pode máis, vai á cama de Guille e adormece. A Guille encántalle durmir co seu gato aínda que lle faga cóxegas cos seus bigotes.



Que come o gato de Guille?

 Tres cuncas de leite

 Tres cuncas de zume

¿Que faie o gato de Guille despois de comer?

 Xogar

 Adormecer

Con que lle fai cóxegas a Guille?

 Coas súas orellas

 Cos seus bigotes

Le o texto e responde ás preguntas.

O luns foi o aniversario de Jimena e regalámoslle a súa boneca favorita. Gustoulle moito aínda que estaba un pouco triste porque Raquel, a súa mellor amiga, non puido ir á festa porque estaba enferma con febre.



De quen foi o aniversario? Raquel

Jimena

Que lle regalaron a Jimena? Unha pelota

Unha boneca

Que lle pasaba a Raquel? Doíalle a barriga

Tiña febre

Que ben o pasamos na festa de disfraces! Había disfraces moi divertidos como o de Hugo, de pirata, ou o de Marta, de astronauta. Aínda que o premio ao mellor disfraz levouno Juan, que ía disfrazado de indio.



Como o pasaron na festa de disfraces? Ben

Mal

De que ía disfrazada Marta? Astronauta

Pirata

Quen gañou o premio ao mellor disfraz? Hugo

Juan

Le o texto e responde ás preguntas.

O avó de Carlos é moi bo. Sempre nos da caramelos cando vamos de camiño ao colexio, pero só se nolo comemos despois de almorzar.



Quen é moi bo?

Carlos

O avó de Carlos


Que nos dá o avó de Carlos?

 Caramelos


 Piruletas

Cando se poden comer os caramelos?

 De camiño ao colexio

 Despois de almorzar

Sen dúbida, a miña comida favorita son os macarróns con tomate. Mamá fainos boísimos porque ademais bótalles salchichas. Todos os xoves nos prepara e aínda que sempre me mancho de tomate, encántame comelos.



Que lle bota mamá aos macarróns?

 Salchichas

 Champiñóns

Cando prepara mamá os macarróns?

 Os xoves

 Os luns

De que me mancho?

 De salchichas

 De tomate

Le o texto e responde ás preguntas.

Miguel e Ana son irmáns, aínda que non se parecen en nada. Miguel é moi simpático, sempre está falando e contando chistes. En cambio, Ana é moi tímida; cando ten que falar coa xente ponse moi nerviosa.



Que son Miguel e Ana?

Curmáns

Irmáns

Quen conta chistes?

Ana


Miguel

Como é Ana?

Simpática

Tímida

Pasamos un día xenial na praia. Primeiro fixemos un castelo de area e despois bañámonos co flotador, aínda que tivemos que saír do mar porque había cada vez olas máis grandes.



Que fixemos primeiro na praia?

Un castelo de area

Bañarnos no mar

Como o pasamos na praia?

Ben

Mal

Por que saímos do mar?

Porque había olas

Porque ía frío